

DESCOBRIR A ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación

Universidade de Vigo



▶ Enxeñaría de Telecomunicación



As telecomunicacións son o futuro!



Moven o mundo... móveo connosco!



“Os/as enxeñeiros/as de Teleco...”

Son enxeñeiros/as **multidisciplinares**, e moi **versátiles**, grazas á sólida formación que reciben en ámbitos de coñecemento claves como son as matemáticas, a física, a programación, a electrónica, o procesado de sinais, o deseño de sistemas de redes e servizos de comunicación...

Esta formación permítelles afrontar en todo momento a súa adaptación aos rápidos e continuos cambios tecnolóxicos que está a traer consigo a denominada **“transformación dixital”**.



“... trabajamos en ...”

Calquera ámbito ou sector que requira profesionais con amplos coñecementos nas **TIC** (Tecnoloxías da Información e Comunicaci3n), necesarios para o desenvolvemento dos sistemas e servizos de **telecomunicaci3n** actuais e do futuro.

Desenvolvendo e utilizando tecnoloxías punteiras como: Intelixencia Artificial (IA), Machine Learning, Big Data, Ciberseguridade, Vehículos autónomos (drons entre outros), Realidade Aumentada, Internet of Things (IoT), e moitas mais.

1

Coñece a EE de Telecomunicación



Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación

Universidade de Vigo

A EET

A EET é una comunidade aberta e accesible á educación tecnolóxica, á investigación científica e á valorización do coñecemento. É un punto de acceso atractivo e animado no Sur de Galicia que serve de lugar de conexión e interacción a estudantes, investigadores, emprendedores e empresas tecnolóxicas.

Entra no mundo do futuro e participa no desenvolvemento de novas tecnoloxías e aplicacións que brindan, e brindarán, solucións tecnolóxicas aos principais desafíos sociais e industriais do futuro. Na EET é onde comeza o futuro das TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicións).



Ubicación







A EET atópase no Campus Universitario Lagoas Marcosende da Universidade de Vigo, o [Campus Tecnolóxico](#).

Un Campus rodeado de natureza, cunhas vistas espectaculares e con numerosos servizos nos que disfrutar da vida universitaria:


- ✓ Instalacións deportivas: ximnasio, piscina, campo de rugby, campo de fútbol, pistas de atletismo...
- ✓ Biblioteca
- ✓ Restaurantes/Comedores
- ✓ Instalacións culturais



As nosas instalacións




Mapa de estudos





2

Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación



Obxectivos

O Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación é un grao multidisciplinar no que adquirirás sólidas competencias en comunicacións, programación e electrónica, tan demandadas hoxe en día aos profesionais que traballan no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións (TIC).




O grao permitirache optar a todos os ámbitos de traballo que requiran profesionais con amplos coñecementos nas TIC, necesarios para o desenvolvemento dos sistemas e servizos de telecomunicación actuais e do futuro, en sectores como: automoción, aeronáutico, audiovisual, sanitario, banca...

If you want to take it in English, you can do that too!

Bachelor in Telecommunication Technologies Engineering 

More than 80% of subjects in English & small groups (20 students maximum)




Telecommunication technologies: The future can't be brighter!



Descripción

A modo de resumo, o Grao:


- ▶ 4 años de duración.
- ▶ 240 créditos ECTS → 12 ECTS Tráballo Fin de Grao, 30 ECTS materias optativas e 12 ECTS para facer prácticas en empresas (↔ 2 materias).
- ▶ ~ 50% da docencia en laboratorios informáticos e instrumentais.
- ▶ **4 mencións ou especialidades** impartidas en terceiro e cuarto curso.
- ▶ O primeiro semestre de cuarto curso só materias optativas, o que permite realizar, no seu lugar, unha **movilidade Erasmus** e/ou **prácticas en empresas**.
- ▶ Avanzados laboratorios experimentais: circuitería electrónica (analóxica e dixital), medicións acústicas (cámaras anecoicas), servidores de computación avanzados para as túas prácticas en Cloud Computing e IoT (Internet das Cousas), propagación de sinais de radiofrecuencia....



Que especialidades podés elixir?

Sistemas de Telecomunicación

Deseño, desenvolvemento, operación e xestión dos sistemas de telecomunicación actuais e do futuro, tanto inalámbricos (redes 5G, Wi-Fi, Bluetooth, comunicacións por satélite, localización GPS...), como cableados (fibra óptica, ADSL...).






Telemática

Infraestruturas, dispositivos e protocolos que conforman as redes de ordenadores, o Cloud Networking e Internet; técnicas de deseño, desenvolvemento e xestión de sistemas, servizos e aplicacións en redes (tecnoloxías web, bases de datos, Edge & Cloud Computing, aplicacións móbiles...).

Son e Imaxe

Deseño e desenvolvemento de sistemas multimedia e audiovisuais en redes de comunicación; captura, reprodución e procesado de sinais de son e vídeo; acústica; realidade aumentada e realidade virtual.



Sistemas Electrónicos

Diferentes áreas do ámbito das telecomunicacións centrándose na electrónica para comunicacións dixitais: sensores, drones, automoción, biomedicina... A electrónica é unha tecnoloxía base de outras moitas tecnoloxías.




Veñas do Bacharelato ou dun Ciclo Superior de Formación Profesional, o Grao de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, é a mellor opción se queres ter un papel protagonista no deseño e desenvolvemento da Sociedade da Información neste mundo en constante cambio e evolución.



3

Másteres



Másteres

Unha vez termines o grao a E.E. de Telecomunicación ofréceche a posibilidade de cursar 4 másteres cos que ampliar a túa formación.

Enxeñaría de Telecomunicación

Proporciona atribucións profesionais de Enxeñaría de Telecomunicación.



Ciberseguridade MUniCS

Formación avanzada técnica, de xestión e xurídica en ciberseguridade.



Visión por Computador imcv

Especialización interdisciplinar en todos os fundamentos da visión por computador.



Matemática Industrial M2i


Formación para a construción de solucións de problemas industriais concretos.





4

Asociaciones de estudiantes



Asociacións de estudantes

A EET impulsa e patrocina a 7 asociacións de estudantes da Universidade de Vigo nas que, parte ou todos os seus membros, son estudantes dela.

Ti tamén podes formar parte delas. Anímate!

UVigo SpaceLab




Equipo multidisciplinar de estudantes universitarios dedicados ao deseño, fabricación e operación de pequenos satélites e misións espaciais no ámbito educativo.



Clean Energy Ship Uvigo



Equipo multidisciplinar de estudantes universitarios dedicados ao deseño, fabricación e operación dun barco solar, compatible coa clase internacional, para poder competir en diferentes regatas.



Asociaciones de estudiantes


UVIGO MotorSport

Equipo multidisciplinar de estudiantes universitarios dedicado ao deseño, fabricación e validación dun monopraza, co que participan en competicións internacionais "Formula Student".



IEEE Student Branch

Equipo multidisciplinar de estudiantes universitarios dentro do IEEE, a maior asociación internacional de enxeñaría de electrónica e comunicacións, que levan a cabo proxectos técnicos, obradoiros e cursos, fomentando así a creación de grupos de interese de distintas temáticas: desde proxectos de carácter social a robots avanzados.



Asociacións de estudantes

DAAT

Asociación integrada exclusivamente por estudantes da EET para a representación do colectivo nos órganos de goberno, divulgación e organización de eventos culturais, e aconsellar ás/ós estudantes en calquera ámbito da vida universitaria.



DELEGACIÓN DE
ALUMNOS DE TELECO
D.A.A.T.



Foro Tecnolóxico

O seu obxectivo é facilitar o acercamento das empresas ás futuras tituladas e titulados da Universidade. Todos os anos organizan un Foro de emprego onde se dan cita as empresas máis destacadas do tecido industrial ao noso estudantado, ofrecendo charlas e cursos que facilitan enfrontarse á creación dun CV ou a unha entrevista laboral.



Asociación de Debate Retórica


Céntrase en dar formación práctica e teórica en oratoria baseándose nos modelos de debate universitario máis instaurados en España: o modelo académico e o BP (British Parliament). As súas utilidades? Pois infinitas! Xa sexa na túa vida laboral como persoal.





5




Investigación



Se che apasiona o mundo da investigación...

A EET conta con **20 grupos de investigación** e está fortemente ligada ao centro de investigación **atlanTTic**, que é o centro de investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación impulsado pola Universidade de Vigo.

Os nosos resultados en I+D colócanos entre os 200 mellores centros do mundo e os **cuartos** mellores da Península Ibérica según o Shanghai Ranking.




atlanTTic

atlanTTic é un centro de referencia en tecnoloxías de telecomunicación e leva a cabo a súa actividade investigadora en áreas como a privacidade e a seguridade, as tecnoloxías multimedia, as redes de datos, os e-servizos, a bioenxeñaría, o radar, as comunicacións por satélite e as comunicacións radio e ópticas.

O centro conta con máis de 170 profesionais e o pasado ano captou 4 millóns de euros en fondos I+D, 1,4 M€ en proxectos de investigación e máis de 1,6 M€ en proxectos de valorización e transferencia.

O principal obxectivo de **atlanTTic** é a creación e transferencia de coñecemento científico, á vez que busca contribuír ao fortalecemento da investigación e a formación no ámbito TIC desenvolvida na Universidade de Vigo.



atlanTTic
research center
for Telecommunication Technologies

Universidade de Vigo





6

Máis datos...

Por que estudar na EET?

- ▶ Máis de **30 anos** formando expertos profesionais en telecomunicacións.
- ▶ O 95% das persoas egresadas traballa ➡ tempo medio para atopar o primeiro traballo **inferior a 4 meses**.
- ▶ Título eminentemente práctico.
- ▶ Nos **dous primeiros cursos** aprenderás os principios das telecomunicacións ➡ **Especialízaste nos dous seguintes** ➡ elixes a mención (especialidade) cando sabes máis sobre os seus contidos.
- ▶ Podes facer **dúas mencións simultaneamente** cursando só 3 materias a maiores ➡ máis dunha especialidade no teu título universitario.
- ▶ Podes facer **prácticas en empresas** do sector, moitas veces remuneradas, o equivalente a 2 materias ◀ gran número de empresas colaboradoras.
- ▶ Pioneiros en:
 - ▶ Implantación de un **Plan de Mentoring**, onde *estudantes mentores* pódennche guiar e apoiar ao longo do curso
 - ▶ **Plan de orientación (orientaTE)** para que teñas formación complementaria e transversal
 - ▶ **Curso Cero** que te axudará no comezo.
- ▶ Os acordos ERASMUS permitiránche estudar noutras Universidades europeas.
- ▶ Se es técnico de formación profesional superior poderás validar hasta 12 ECTS polo teu traballo anterior e experiencia profesional relacionada coa titulación.

Empresas colaboradoras

gradiant

CTAG

optare solutions

2MARES
Innovation is in your Team

Telefónica

STELLANTIS

everis
an NTT DATA Company

itelsis group

quobis:

Spica
sistemas audiovisuales

CTVGV
CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

imatia
innovation

marine instruments

cocodin

altia

Qbitia
grupo solventis

Egatel

COUNCILBOX
Blockchain Evidences

R

Deloitte.

MOONOFF

TELTEK
VIDEO RESEARCH

sonen
Ingeniería Acústica

orange™

IS2 POAS GRUPO
GLOBAL TELECOM SOLUTIONS

satec

sivsa

HD3

TELTEK
VIDEO RESEARCH

ABANCA

muutech
monitoring solutions

sivsa

HD3

PLEXUS
TECH

Televes

Arca.
Part of Accenture

HC Tech.
I+D+Hidrografía

TuryElectro

citious

coremain


vodafone

retegal
redes de telecomunicación galegas

MÁSMÓVIL

Saídas profesionais

**E todas aquelas que se che
ocorran relacionadas co
sector TIC**



Internacionalización e selos de calidade

Internacionalización

A EET participa nos programas de mobilidade internacional (Erasmus+) o que che permitirá realizar estancias en máis de 1.000 Universidades adscritas ao programa.

A EET foi pioneira na UVigo en proxectos de mobilidade con países de fora da Unión Europea (UE), e segue coa súa proxección internacional.

Ademais das mobilidades entre universidades da UE, agora mesmo ten 3 proxectos de mobilidade con Xordania, Vietnam e Exipto, onde se financian estancias de estudos de entre 3 e 6 meses. Foméntase a mobilidade con universidades destacadas destes países, establecendo convenios de recoñecemento de estudos.



Selos de calidade

O Grao está verificado pola ANECA axustándose á Orden Ministerial CIN/352/2009.

Tamén conta coa EUR-ACE® (EUROpean-ACcredited Engineer), considerada como a máis prestixiosa que pode obter un título de enxeñaría concedido en Europa. Este selo de calidade te facilitache o acceso a másteres internacionais que teñan tamén a acreditación EUR-ACE®, así como unha mobilidade profesional por toda Europa.

EET Media



Quieres coñecernos mellor?

Atopáranos en:

- ▶ teleco.uvigo.es
- ▶ [Máis información](#)

Síguenos en redes

